



**REDES DE TELECOMUNICACIÓN  
GALEGAS RETEGAL, S.A.**

**CONSELLERÍA DE FACENDA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2023 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

RETEGAL é unha sociedade mercantil pública autonómica creada polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, da consellería de Economía e Facenda, con capital integramente subscrito pola Xunta de Galicia. De conformidade cos seus estatutos, terá a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernerente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando obrigada a realizalas, por Decreto 352/2009, do 2 de xullo.

En particular constitúen parte do obxecto social de RETEGAL as seguintes actividades:

a. A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.

b. A prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

#### I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
3	Competitividade e crecemento
4	Cohesión social e territorial

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
3	PA3.2	Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible
4	PA4.4	Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única

- Manter, ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operador neutro de servizos de radiodifusión e de infraestruturas (distribución, contribución, aloxamento, planificación, mantementos, etc.).

- Manter, ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes, tanto activas como pasivas, para facilitar o acceso á sociedade da información de toda a cidadanía de Galicia, o que tamén redundará nunha mellora, tanto da calidade e continuidade dos servizos que xa vén prestando RETEGAL, como da eficiencia enerxética co uso de infraestruturas de comunicacións máis eficientes.

- Administrar con eficiencia os recursos xestionados desenvolvendo actuacións que incrementen a eficiencia co obxectivo de chegar a ofrecer servizos máis competitivos, con tarifas transparentes e orientación a custos que derivarán nunha mellora da calidade e accesibilidade dos servizos que se prestan á toda a sociedade galega.

- Na súa condición de medio propio, planificar, executar e operar os encargos previstos así como os que se lle poidan encargar pola Xunta de Galicia, e seguir xestionando servizos en réxime de autoprestación.

- Iniciar as accións definidas no plan de cambio organizacional que permitan adaptar a actual estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual, e garanta os niveis de calidade e servizo comprometidos cos clientes.

### 1.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2023	2024	2025
OE3.2.1	Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos a cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	10.563.121	10.388.911	10.648.428
OE3.2.3	Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a innovación tecnolóxica no aproveitamento e preservación dos recursos naturais e impulsando a mobilidade intelixente así como os novos modelos para a dinamización do noso patrimonio e a produción cultural	4.069.712	898.004	904.362
OE4.4.1	Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo empresarial.	150.000	150.000	150.000
<b>TOTAL</b>		<b>14.782.833</b>	<b>11.436.915</b>	<b>11.702.790</b>

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2023	2024	2025
001	Rede de infraestruturas comunicación e difusión	10.563.121	10.388.911	10.648.428

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2023	2024	2025
001	Desenvolver, xestionar e manter as infraestruturas públicas executadas no marco da actuación de extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, financiado ao 100% no marco do Eixo REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia de COVID-19	2.155.241	140.768	141.460
002	Desenvolver unha rede de acceso IoT para autoprestación de servizos da Comunidade Autónoma de Galicia, susceptible de ser financiada ao 100% no marco do Eixe REACT-EU do programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia do COVID-19	1.548.631	391.396	397.062
003	Ampliar, operar, xestionar, albergar e dotar de conectividade a Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, así como a implementación de novas tecnoloxías innovadoras no ámbito da detección temperá de incendios e/ou vixilancia proactiva dos espazos forestais	365.840	365.840	365.840
001	Adecuación operativa Retegal	150.000	150.000	150.000
<b>TOTAL</b>		<b>14.782.833</b>	<b>11.436.915</b>	<b>11.702.790</b>

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2023	2024	2025	UNIDADES
%	Cumprimento obxectivos de servizo	99,5	99,5	99,5	
Nº	Número de núcleos rurais aos que se dotará de cobertura móbil	165	205	250	
%	Cobertura alcanzada pola rede IoT iCousas	55	60	65	
%	Cumprimento obxectivos de servizo	98	98	98	
%	Índice de execución dos proxectos	80	80	80	

## 1. Servizos de operador neutro de telecomunicacións.

O posicionamento de RETEGAL como operador neutro de infraestruturas é acorde coas tendencias actuais de mercado, nas que as estratexias dos operadores de servizos de telecomunicación se orientan ao núcleo do negocio evitando no posible, investimentos en infraestruturas e realizando acordos marcos con operadores de telecomunicacións xestores das mesmas. A evolución prevista do prezo da enerxía obrigará a un reposicionamento das tarifas de enerxía asociadas aos servizos de albergamento.

## 2. Servizos de TDT.

### 2.1.- CRTVG.

O obxectivo fundamental de RETEGAL para o ano 2023, é manter as porcentaxes de cobertura de difusión do sinal do múltiple autonómico de TDT, no que están presentes as dúas canles de TVG, mantendo ademais os actuais niveis de calidade e dispoñibilidade na prestación do servizo, ademais de continuar analizando as novas tecnoloxías e funcionalidades neste eido para garantir o acceso por parte da cidadanía aos novos servizos de TV e dotar dunha maior redundancia á rede actual de difusión e servizos asociados.

## 2.2.- Concesionarios autonómicos.

RETEGAL, operador técnico do múltiple compartido, continuará prestando o servizo portador de difusión de dito múltiple cun despregamento de rede que permite dar cumprimento aos deberes de cobertura da CRTVG (98% da cobertura de Galicia), e un dimensionamento de equipos, redundancias, proteccións e sistemas de supervisión e aseguramento que permitan manter os actuais servizos adicionais tales como as desconexións territoriais ou as emisións simultáneas en calidade SD e HD, e os niveis de calidade e continuidade comprometidos coa CRTVG.

## 2.3.- Concesionarios locais.

Prestación dos servizos de difusión a varios múltiples de TDT Local con índices de calidade e continuidade do servizo comprometidos.

## 2.4.- Cadeas estatais.

Prestación do servizo de transporte e difusión do sinal do múltiple de TVE nos centros contratados pola adxudicataria do contrato. Ao longo do 2023, será necesario iniciar a renegociación do contrato actual.

## 3. Servizo da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade da Xunta de Galicia (RESGAL).

En virtude da encomenda de xestión da AMTEGA a RETEGAL, durante o ano 2023 realizaranse as seguintes accións:

- Manter e xestionar a Rede de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia (RESGAL).
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as coberturas naquelas micro-áreas nas que sexa preciso, mediante estudos exhaustivos das pegadas de cobertura.
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as pegadas de cobertura mediante a execución dos eventuais encargos que se reciban.
- Implantar novos servizos aos usuarios, que permitirán manter e mellorar o aseguramento de continuidade do servizo e actualizar, ampliar e mellorar as capacidades dos servizos e aplicacións actuais. Entre os servizos de maior valor engadido, destaca a integración de móbiles intelixentes, que permite o acceso de terminais convencionais para o acceso do servizo da rede e integración de conversacións sen necesidade de pasarelas inter-sistema.

Ao longo do 2023, Retegal, en canto medio propio e instrumental da Administración da Xunta de Galicia, continuará prestando o servizo de desenvolvemento, apoio e coordi-

nación na operación e soporte aos usuarios da rede dixital de emerxencias de Galicia do dispositivo de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia.

#### 4. Rede de Videovixilancia dos Espazos Forestais de Galicia

No 2023, unha vez se prorrogue o actual convenio de colaboración para a mellora da rede de videovixilancia forestal dos espazos forestais de Galicia, está previsto seguir prestando por parte de RETEGAL os servizos de operación e mantemento, albergamento e conectividade da Rede de Vixilancia dos espazos forestais de Galicia, así como a integración na rede de novos centros de videovixilancia.

Co obxecto de avanzar no desenvolvemento de sistemas de predición de incendios baseados na tecnoloxía de intelixencia artificial, que permitirían detectar e combater os incendios dunha maneira moito máis rápida e eficaz, estase a analizar a posibilidade de procesar as imaxes captadas polas cámaras de incendios da Rede de Videovixilancia dos Espazos Forestais co obxecto de dispoñer da información necesaria para alimentar e adestrar un sistema intelixente de predición de incendios. Para proceder ao procesado das imaxes, valorarase a aplicación de algoritmos de intelixencia artificial para a detección de persoas e outros posibles elementos susceptibles de aplicación da RGPD.

#### 5. Servizos de Radiodifusión.

No que respecta aos servizos prestados á Radio Galega, o ano 2023 continuarase co plan de renovación de equipamento de difusión, substituíndo os equipos máis antigos por outros de maior eficiencia enerxética, o que permitirá mellorar os custos de explotación de RETEGAL.

En canto a prestación de servizos a operadores de radiodifusión privados, RETEGAL dispón das infraestruturas idóneas para cumprir uns elevados obxectivos de cobertura para servizos de Radiodifusión.

#### 6. Servizo de transporte e conectividade.

Retegal dispón dunha rede de fibra de máis de 1.855 km, apoiada por unha rede de radioenlaces de alta e media capacidade integrada por 138 vans cunha lonxitude de 2.565 km que ademais de ser utilizada para o transporte de recursos propios integrando nun anel de fibra redundante os centros de telecomunicacións máis significativos, en calidade de operador neutro, pon a disposición doutras empresas e operadores de telecomunicacións.

#### 7. Novos encargos a realizar como medio propio.

No período 2022-2023, Retegal recibiu novos encargos por parte da Amtega para o despregamento de novas infraestruturas de telecomunicacións para a mellora de cobertu-

ra móbil en núcleos rurais e illados do territorio e a dispoñibilidade de novos servizos de internet das cousas (IoT) por parte da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No marco da actuación de extensión de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, Retegal realizará os seguintes traballos:

- Validación da viabilidade das parcelas identificadas polos concellos, postas a disposición para a execución das infraestruturas públicas precisas como soporte ás redes de telefonía móbil.

- Apoio na tramitación dos convenios cos concellos para a posta a disposición das parcelas para a execución das infraestruturas soporte ás redes de telefonía móbil.

- Execución dun programa de investimentos para a construción dos emprazamentos precisos como soporte ás redes de telefonía móbil, incluíndo adecuación de terreos, execución de torres e casetas, e equipamento auxiliar preciso para a súa xestión e posta a disposición dos operadores de telefonía móbil, para a instalación do equipamento preciso para dotar de cobertura ás zonas obxectivo da actuación.

- Elaboración dun plan de prezos público para cubrir os custos derivados do mantemento e explotación destas infraestruturas, que deberá ser abonado polos operadores que fagan uso das mesmas.

- Xestión dos emprazamentos construídos no marco desta actuación durante o período de execución dos investimentos por parte dos operadores de telefonía móbil.

A xestión e explotación destas novas infraestruturas incrementará o catálogo de servizos de albergamento de Retegal a partir do ano 2024.

Retegal realizará no período 2022-2023 o desenvolvemento, a operación, a xestión e o mantemento dunha rede de acceso IoT, a Rede Galega de Internet das Cousas (iCousas), para autoprestación de servizos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a operación, xestión e mantemento das infraestruturas da rede resultante e a implantación de servizos sobre a mesma.

As actividades a realizar por parte de Retegal son:

- O despregamento no territorio da Comunidade Autónoma dunha rede IoT cunha cobertura do 71% do territorio.

- A adquisición do hardware e software necesario para a xestión de dispositivos e obxectos IoT conectados a rede, así como os aplicativos e bases de datos necesarios para o tratamento da información subministradas polos dispositivos.



- A xestión, operación e mantemento da rede IoT despregada.

Ao longo do ano 2023, Retegal definirá un plan de comunicación e difusión do proxecto con todos os organismos da Administración autonómica co obxecto de identificar as necesidades e ámbitos de sensorización a priorizar no desenvolvemento da Plataforma Galicia Territorio Intelixente.

#### 8. Adecuación Operativa de RETEGAL

Debe considerarse este un proceso en continuo ciclo de mellora, polo que no ano 2023 RETEGAL deberá tanto implantar novos procesos e sistemas, como continuar mellorando a súa operativa de xeito permanente coa execución dos proxectos xa iniciados en anos anteriores relativos ao plan de sistemas, e a adecuación de procedementos, indicadores e políticas aos estándares existentes no mercado en relación a calidade, medio ambiente, prevención de riscos laborais e penais entre outros.

Neste sentido, durante o ano 2023, continuaranse os traballos para a implantación dunha nova ferramenta de xestión de incidencias da rede que permita optimizar e mellorar os indicadores de calidade comprometidos cos clientes. E no eido financeiro, incorporaranse novas melloras o actual sistema de xestión contable para continuar a transformación e automatización dos procesos contables e financeiros para dispoñer dunha maior información para a toma de decisións estratéxicas e operativas e axilizar os procesos de reporte da información neste ámbito, ademais de iniciar un plan de dixitalización da documentación en papel asociada aos procesos financeiros.

No eido da seguridade, ao longo do ano 2023, iniciaranse os traballos necesarios para acadar a medio prazo a Certificación ao Esquema Nacional de Seguridade, así como a actualización da RGPD-LOPDGDD.

Dada a crecente subida dos prezos da enerxía e, co obxecto de contribuír a loita contra o cambio climático, Retegal instalará ao longo do 2023 placas solares nun dos centros de telecomunicacións que xestiona para analizar a eficiencia e optimización enerxética acadada con este tipo de instalacións.

#### 9. Innovación tecnolóxica.

Ao longo do 2023, RETEGAL continuará colaborando coa Amtega e as diferentes Consellerías na implementación de novos servizos e funcionalidades baseadas nas novas tecnoloxías emerxentes, tales como o Internet das Cousas (IoT), Big Data ou a intelixencia artificial.

A medida que se realice o despregue da rede de acceso de servizos IoT iCousas, valorarase o despregue de novos proxectos de sensorización en todos os ámbitos de actuacións xestionados por parte das Administracións territoriais, segundo os criterios e

prioridades establecidas polos diferentes organismos usuarios, o cal esixirá unha coordinación e planificación entre os diferentes organismos e entidades interesadas, para acadar sinerxías e un maior aproveitamento dos recursos de rede despregados.

#### 10. Redes de quinta xeración.

Coa finalidade de contribuír á implantación e extensión das novas tecnoloxías na Comunidade Autónoma, especialmente no que atinxe ao 5G, RETEGAL na súa condición de medio propio da Administración Autonómica, seguirá participando activamente nos plans institucionais para o desenvolvemento de novas tecnoloxías.

#### 11. Plan de cambio organizacional.

Durante o ano 2023, iniciaranse as accións definidas no plan de cambio organizacional para adaptar a estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual e garantir a continuidade e calidade do servizo, así como a planificación dos recursos necesarios para cubrir as xubilacións do persoal previstas a curto e medio prazo. Ademais de xestionar o coñecemento especializado do persoal de Retegal nos procesos de despregue e explotación de redes de telecomunicacións.

### I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2023	CONCELLO
Adecuación de infraestruturas existentes e construción de novos centros de telecomunicación.	2.014	2.025	801.341	84.000	902
Adecuación operativa de RETEGAL. Sistemas e procesos	2.010	2.025	940.710	137.000	902
Extensión e ampliación das redes de transporte e difusión. Adecuación 2º Dividendo Dixital.	2.014	2.025	1.943.325	130.000	902
Innovación tecnolóxica.	2.010	2.025	373.709	29.000	902
		<b>TOTAL</b>	<b>4.059.085</b>	<b>380.000</b>	

### I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Varios Concellos	0	11.004.564	164.000
Santiago de Compostela	3.398.269	0	216.000
<b>TOTAL</b>	<b>3.398.269</b>	<b>11.004.564</b>	<b>380.000</b>

## I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

### I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

#### INGRESOS

##### Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2023	2024	2025
Encomendas Xunta de Galicia	3.707.660	338.843	338.843
Outros Mercados	5.390.178	5.308.776	5.515.998
Servizo Portador de Radio	508.300	525.074	537.151
Servizo Portador de TV	3.464.344	3.565.311	3.638.004
Servizos Banda Larga	21.156	21.854	22.357
Servizos TETRA	1.691.196	1.691.196	1.691.196
<b>TOTAL</b>	<b>14.782.834</b>	<b>11.451.054</b>	<b>11.743.549</b>

#### GASTOS

##### Gastos de persoal

	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Nº Empregados	45	45	45
Custo Total	2.589.610	3.077.569	3.398.269
Custo Medio	57.547	68.390	75.517

##### Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025
Alugueros e cánones	109.201	196.357	209.827	216.587	221.453
Outros servizos	14.136	15.807	22.527	24.438	24.438
Primas de seguros	40.757	43.426	45.000	55.000	65.000
Publicidade	103.676	210.744	229.496	237.069	242.522
Reparacións e mantementos	2.449.701	2.593.797	2.338.626	2.406.595	2.453.937
Servizos profesionais	707.577	711.345	707.554	785.445	803.510
Subministracións	1.097.405	1.461.472	3.510.707	3.369.803	3.516.458
<b>TOTAL</b>	<b>4.522.453</b>	<b>5.232.948</b>	<b>7.063.737</b>	<b>7.094.937</b>	<b>7.327.318</b>

##### Amortización

DESCRIPCIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Dotación Amortización Intanxible	59.474	56.942	110.619
Dotación Amortización Materiais	293.121	304.668	290.667
<b>TOTAL</b>	<b>352.595</b>	<b>361.610</b>	<b>401.286</b>

## I.4.2. Previsións Orzamento de capital

### ORIXES

#### Remanente de Tesourería

	2021	2022
1. Fondos líquidos	7.439.222	7.213.517
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	2.382.235	2.587.777
Do orzamento corrente	2.382.235	2.587.777
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	1.068.613	1.182.735
Do orzamento corrente	1.068.613	1.182.735
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	8.752.844	8.618.559
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	8.752.844	8.618.559

### APLICACIÓN

#### Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Inmovilizado Intanxible	27.594	92.000	161.000
Inmovilizado Material	234.992	291.859	219.000
<b>TOTAL</b>	<b>262.586</b>	<b>383.859</b>	<b>380.000</b>

### FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Os investimentos asociados con elementos susceptibles de ser incorporados ao activo de Retegal, está previsto que acaden os 380.000 €.

○ financiamento do programa de investimento e das necesidades de explotación realizarase con recursos propios da actividade.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) ACTIVO NON CORRENTE		1.505	1.546	1.517
I. Inmobilizado intanxible		141	176	227
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares		2	2	1
4. Fondo de comercio				
5. Aplicacións informáticas		140	175	225
6. Outro inmobilizado intanxible				
II. Inmobilizado material		1.340	1.354	1.282
1. Terreos e construcións		150	136	123
2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material		1.190	1.218	1.159
3. Inmobilizado en curso e anticipos				
III. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Activos por imposto diferido		24	16	8
B) ACTIVO CORRENTE		9.927	9.902	9.334
I. Activos non correntes mantidos para a venda				
II. Existencias		16	16	16
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso				
4. Productos terminados				
5. Subproductos, residuos e materias recuperados				
6. Anticipos a provedores		16	16	16
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar		2.382	2.588	3.073
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		1.836	1.878	2.176
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas		507	673	864
3. Debedores varios		12	12	12
4. Persoal		1	1	1
5. Activos por imposto corrente		4	4	
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		22	20	20
7. Accionistas ( socios ) por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a curto prazo		3	3	3
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros		3	3	3
VI. Periodificacións a curto prazo		87	81	81

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.**

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	7.439	7.214	6.160
	1. Tesourería	7.439	7.214	6.160
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	<b>TOTAL ACTIVO ( A+B )</b>	<b>11.432</b>	<b>11.448</b>	<b>10.851</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) PATRIMONIO NETO		7.285	7.204	6.650
A.1) Fondos propios		6.771	6.748	6.245
I. Capital		60	60	60
1. Capital escriturado		60	60	60
2. ( Capital non esixido)				
II. Prima de emisión				
III. Reservas		4.583	5.523	5.930
1. Legal e estatutarias		87	87	87
2. Outras reservas		4.496	5.436	5.842
IV. ( Accións e participacións no patrimonio propias )				
V. Resultados de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. ( Resultados negativos de exercicios anteriores)				
VI. Outras aportacións de socios		209	209	209
VII. Resultado do exercicio		1.919	956	46
VIII. ( Dividendo a conta )				
IX. Outros instrumentos do patrimonio neto				
A.2) Axustes por cambios de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos		514	456	405
B) PASIVO NON CORRENTE		3.049	3.044	3.028
I. Provisións a longo prazo		2.878	2.892	2.892
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións		2.878	2.892	2.892
II. Débedas a longo prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido		171	152	135
V. Periodificacións a longo prazo				
C) PASIVO CORRENTE		1.098	1.200	1.173
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda				
II. Provisións a curto prazo				
III. Débedas a curto prazo		27	15	15
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		27	15	15
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar		1.069	1.183	1.156
1. Provedores		857	648	647
2. Provedores, empresas do grupo e asociadas				
3. Acredores varios				
4. Persoal ( remuneracións pendentes de pago)		2	2	2
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		195	533	507
7. Anticipos clientes		14		
VI. Periodificacións a curto prazo		2	2	2
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO ( A+B+C )		11.432	11.448	10.851

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN**

**REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.**

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	10.197	12.009	14.783
	a) Ventas	10.197	12.009	14.783
	b) Prestacións de servizos			
	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aprovisionamentos	-672	-2.184	-3.908
	Consumo de mercaderías			
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	-378	-1.834	-3.558
	Traballos realizados por outras empresas	-294	-350	-350
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
	5. Outros ingresos de explotación			
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente			
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio			
	6. Gastos de persoal	-2.590	-3.078	-3.398
	Soldos, salarios e asimilados	-2.048	-2.422	-2.682
	Cargas sociais	-542	-656	-717
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-4.347	-5.221	-7.071
	Servizos exteriores	-4.522	-5.233	-7.064
	Tributos	-6	-7	-7
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	182	18	
	Outros gastos de xestión corrente			
	8. Amortización do inmovilizado	-353	-362	-401
	Amortización do inmovilizado intanxible	-59	-57	-111
	Amortización do inmovilizado material	-293	-305	-291
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	98	77	67
	10. Excesos de provisións	230	-15	
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	11		
	a) Deterioros e perdas	11		
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material	11		
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados	-10	57	
	Gastos excepcionais	-20	-1	
	Ingresos excepcionais	10	58	
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	2.565	1.285	72
	14. Ingresos financeiros			
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
	15. Gastos financeiros			
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.			
	c) Por actualización de provisións			
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)			
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	2.565	1.285	72
	20. Imposto sobre beneficios	-646	-329	-26



ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	1.919	956	46
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	1.919	956	46

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**Formulario SPA.04**

**REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
<b>A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN</b>			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	2.565	1.285	72
2. Axustes no resultado	317	280	334
a. Amortización do inmovilizado (+)	353	362	401
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	-182	-18	
c. Variación de provisións (+/-)	255	15	
d. Imputación de subvencións (-)	-98	-77	-67
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)	-11		
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			
h. Gastos financeiros (+)			
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)		-1	
3. Trocos no capital corrente	-633	-98	-504
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	108	-206	-486
c. Outros activos correntes (+/-)	-23	5	8
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	-671	114	-27
e. Outros pasivos correntes (+/-)	-46	-12	
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-696	-329	-26
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)	-696	-329	-26
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	1.554	1.137	-124
<b>B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>			
6. Pagos por investimentos (-)	-351	-384	-380
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible	-23	-92	-161
c. Inmovilizado material	-326	-292	-219
d. Investimentos inmobiliarios	-2		
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)	11		
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material	11		
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-340	-384	-380
<b>C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN</b>			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio			
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)			
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023**

**Formulario SPA.04**

**REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio	-1.196	-979	-549
a. Dividendos (-)	-1.199	-979	-549
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)	3		
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	-1.196	-979	-549
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	18	-226	-1.053
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	7.422	7.439	7.214
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	7.439	7.214	6.160

